

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 14 DE FEBREIRO DE 2019

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Vicedecano**

Fernández Fernández, Adolfo

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Juana López, Jesús de

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PDI contratado**

Domínguez López, Ángel

Presedo Garazo, Antonio

**Estudantes**

Alejandro Ojea, Mónica

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

López Verísimo, Rubén

Rodríguez Álvarez, Lucía

**Alumnado 3º ciclo**

Souto Castro, Iria

**Desculpan a súa ausencia:**

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Núñez Remacho, Virginia

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Bouzas, Josefa

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o xoves 14 de febreiro de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 18 de decembro de 2018.
2. Informe da presidenta.
3. Debate e aprobación, se procede, da declaración de intencións do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural\*.
4. Aprobación, se procede, da PDA do curso 2019/2020.
5. Aprobación, se procede, do límite de prazas por recoñecemento de créditos.
6. Aprobación, se procede, da oferta de prazas de materias optativas.
7. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.
8. Aprobación, se procede, das modificacións nas datas de exames da 2ª convocatoria por coincidir coas II Olimpíadas Galegas de Historia.
9. Aprobación, se procede, das modificacións nos horarios das materias de “Historia contemporánea de España” e “Mundo actual”.
10. Aprobación, se procede, das modificacións no plan de estudos do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia. (punto incluído na addenda).
11. Rolda de intervencións

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta. Indica tamén que non está presente por atoparse de baixa por enfermidade o Prof. Alberto Valín Fernández.

## **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 18 de decembro de 2018.**

Apróbase a acta por asentimento.

## **2.- Informe da presidenta.**

Comeza a decana informando de que tivo lugar a entrevista anunciada na xunta de facultade anterior co Reitor e co Vicerreitor de Organización Académica y Profesorado para tratar do futuro cadro de persoal de profesorado da facultade. O equipo decanal presentou a situación previsible, a actual e as variacións sufridas nos últimos dez anos onde o cadro se reduciu á metade. A entrevista transcorreu nun ambiente agradable aínda que non saíu nada en concreto. O equipo reitoral escoitou, tomou anotacións e quedaron en estudar o tema.

O equipo decanal deixoulles claro que se estaban asumindo moitas responsabilidades con poucos efectivos e que os resultados son positivos. A decana considera que o obxectivo de comunicar a situación a súa urxencia quedou cumprido e que entenderon a problemática. Considera que no momento de conformar o POD haberá que seguir insistindo.

En relación a sinatura do convenio das prácticas externas coa Xunta de Galicia (problema co que leva xa loitando moito tempo a coordinadora Beatriz Vaquero), informa que o vacío de resposta veu xustificado coa separación das Consellerías de Educación e de Cultura coa de Educación, Universidade e Formación Profesional; explica a decana que despois de moito insistir e de moitas chamadas infrutuosas pediu contactar directamente co Conselleiro de Cultura e Turismo. Finalmente conseguiu contactar cun subdirector da citada consellería para comezar a encauzar o tema. Agarda que pronto o convenio estea asinado.

O mércores, día 13 de febreiro, presentouse á prensa a II Olimpíada Galega de Historia. Indica que conta coa colaboración do profesorado (especialmente da área de Historia Contemporánea) e coa Delegación de Alumnado; a Revista de o Octavo Historiador declinou a oferta de colaboración co centro nesa actividade. O novo bolseiro, David Corbacho, alumno da facultade, está xa a traballar na redacción das preguntas. O formato das Olimpíadas sufrirá variacións por demanda dos asistentes do ano pasado. A primeira parte non será eliminatoria é terá un formato tecnolóxico,

a segunda (semifinais e final) seguirá o método tradicional. Nestes momentos está confirmada a s axuda económica do Consello Social, a Deputación de Ourense, o Concello de Ourense, Caldaria, Outariz, Coren e Grupo Cuevas. Para a vindeira semana a decana e o vicedecano asistirán a unha entrevista na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional co Subdirector Xeral de Universidades e pensa que colaborarán coa actividade, sendo unha boa noticia porque daralle máis relevancia.

Con data do día de hoxe presentou a súa dimisión o delegado de terceiro curso, Alejandro González-Anleo Martínez. Esta dimisión lle leva a decaer como representante na Delegación. A decana insiste na importancia de que houbera un substituto como delegado de terceiro.

As Xornadas de Orientación Profesional para o grao en Xeografía e Historia serán o día 25 de febrero de 17.00 a 20.00 e pra o alumnado do PCEO en Turismo e en Xeografía e Historia o venres 8 de marzo, de 12.45 a 14.30 . Asistirán a técnica da Oficina de Emprego e egresados/as propios con perfís profesionais distintos . É importante que haxa unha elevada asistencia. Levamos uns anos que na enquisa de satisfacción se critica a inexistencia desta actividade, cando en realidade se oferta pero o estudantado non asiste. Estase tamén estudando a posibilidade de gravalas para ofertalas en aberto.

O equipo reitoral está a traballar en que desde os días 7 ao 19 de agosto se pechen os centros e edificios administrativos da Universidade de Vigo o que suporía un importante aforro enerxético. Estase tamén a pensar en ampliar esta medida a Nadal e Semana Santa.

A petición do profesor Julio Prada, que hoxe non puido estar presente na xunta de facultade, a decana comenta que o coordinador do TFG quere empezar a traballar co borrador da nova normativa recién aprobada polo Consello de Goberno. A pregunta e se traballa na liña, xa comentada en Xunta, da cualificación a través dun tribunal unipersonal, agás para a Matrícula de Honra. As persoas asistentes manifestan o seu acordo.

O coordinador do mestrado, Fermín Pérez, intervén para indicar que o ve ben para o TFG pero non para o TFM. A decana considera que non ten porque ser a mesma normativa. Solicita que se comece a valorar na Comisión Académica sobre o tipo de TFM que se desexa.

Beatriz Comendador advirte que tamén hai que ver que vai pasar coa Área de Posgrao porque xa houbo problemas en relación ás distintas datas de lectura de TFM e que poden agora agravarse se lle engadimos que haxa distinta

tipoloxía de tribunais, nos distintos títulos de mestrado da Universidade de Vigo

Finaliza a decana informando que o bolseiro da facultade abre o laboratorio de informática un día pola mañá e outro día pola tarde.

### **3.- Debate e aprobación, se procede, da declaración de intencións do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Explica a decana que neste punto da orde do día debería tamén terse incluído a declaración de intencións do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que por erro non se incluíu.

Solicítase a súa inclusión. Apróbase por todos os membros presentes a súa inclusión.

En relación ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, que está adscrito á Facultade de Historia e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, a decana informa que a modificación que se propón é se adscriba unicamente á Facultade de Historia, cambio co que está de acordo a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Este cambio entra dentro da categoría de modificación.

Apróbase por asentimento.

En relación ao Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, solicítase que se poidan adscribir as Universidades da Coruña e de Oviedo. Neste caso, hai que solicitar verificación.

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, da PDA do curso 2019/2020.**

Comeza informando de que as materias optativas propostas polo alumnado para o vindeiro curso son:

- Historia de América contemporánea (10 votos)
- Historia das relixións (8 votos)
- Introducción á lingua e cultura latinas (7 votos)

En principio a PDA que se remitiu e o volcado do curso pasado, coas mesmas características.

A decana explica que habería que ofertar tres materias optativas no segundo cuatrimestre. A materia “Historia de América contemporánea” por unha cuestión de estratexia para poder reforzar a solicitude de profesorado na área de Historia de América, xa que se xubila o profesor titular. As outras dúas materias que figuraban o ano pasado son “Historia Moderna de Galicia” e “Historia Contemporánea de Galicia”.

Pide a palabra a profesora María López para solicitar que estas últimas se oferten no primeiro cuatrimestre e dese xeito irían en bloque todas as materias relacionadas con Galicia. Ábrese un debate sobre a conveniencia desta suxerencia que deriva na posibilidade de que todas as materias optativas que se oferten sexan as elixidas polo alumnado de 3º curso, tamén as da temática de Galicia. Ao respecto interveñen do sector de PDI: María López, Antonio Presedo, Beatriz Vaquero, Fermín Pérez, e do alumnado Juan Manuel Galiña, Mónica Alejandre e Rubén López.

O profesor Antonio Presedo opina que habería que reflexionar dun xeito sosegado e non tomar unha decisión precipitada. Considera que non se pode decidir sobre algo que non está na orde do día.

Susana Reboreda explica que a aprobación da PDA está na orde do día. Aclara que a proposta obedece a que non se poden ofertar todas as optativas que figuran no plan de estudos porque non hai alumnado suficiente. O primeiro acordo ao que se chegou era que se ofertaran todas as materias de Galicia, xunto con “Diplomática e Arquivística” e “Historia de América contemporánea” porque no plan de estudos anterior estaban como obrigatorias. O seguinte paso foi ofertar todas as Galicias e pasar a votación tamén as dúas últimas. Se agora se manifesta un desexo de que se oferten todas as materias optativas poderíase tratar nun futuro para o curso próximo.

O alumno Ruben López opina que sería mellor escoller entre todas as optativas.

A decana lembra que o día 22 hai que entregar a PDA.

A profesora María López considera retirar o cambio de cuatrimestre das materias de Historia Moderna de Galicia e Historia Contemporánea de Galicia e cara ao ano que ven volver a pensar sobre todo o exposto.

Despois de escoitar diversas intervencións e dada as inquiredanzas manifestadas tomanse os seguintes acordos:

Lingua clásica. Introducción á lingua e cultura latinas e Historia das relixións, impartirase no primeiro cuatrimestre; e “Historia de América contemporánea”, xunto con Historia Moderna de Galicia e Historia Contemporánea de Galicia no segundo cuatrimestre.

Tratarase na vindeira xunta de facultade a problemática relativa ás materias optativas dado que é o único que se pode cambiar do plan de estudos.

Apróbase por asentimento esta oferta da PDA.

**5.- Aprobación, se procede, do límite de prazas por recoñecemento de créditos.**

O número de prazas de acceso por recoñecemento de 30 ECTS será de 0 para persoas con estudos estranxeiros e de 1 para persoas con estudos nacionais. Non procede ofertar prazas para cambio de centro por ser unha titulación única na Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento

**6.- Aprobación, se procede, da oferta de prazas de materias optativas.**

Punto xa tratado en profundidade no apartado 4. Apróbanse por asentimento coas indicacións realizadas no punto xa comentado.

**7. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.**

Apróbase por asentimento a proposta de reparto de bolsa de horas seguindo o procedemento de asignación do curso pasado.

**8.- Aprobación, se procede, das modificacións nas datas de exames da 2ª convocatoria por coincidir coas II Olimpíadas Galegas de Historia.**

A II edición das Olimpíadas galegas de Historia celebrarase o día 24 de maio que coincide con varios exames, por iso decídese cambiar a data destes según a proposta enviada coa convocatoria.

Apróbanse por asentimento.

**9.- Aprobación, se procede, das modificacións nos horarios das materias de “Historia contemporánea de España” e “Mundo actual”**

Prodúcense estes cambios pola baixa por enfermidade do Profesor Alberto Valín. Houbo que facer compatibles os horarios xa establecidos coas horas das persoas que asumían a docencia. Asímesmo se propón o cambio de horario relacionado coa actividade organizada polas áreas de historia moderna e historia contemporánea.

Apróbanse por asentimento.

**10.- Aprobación, se procede, das modificacións no plan de estudos do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia. (punto incluído na addenda)**

Explica a decana que ten mantido varias xuntanzas co alumnado do PCEO para que lles manifestara as súas inquedanzas en relación ao programa. Froito desas xuntanzas vaise solicitar unhas modificacións na programación

temporal das materias que se reflexa no documento que hoxe se somete a aprobación.

O alumnado considera que por unha cuestión cronolóxica e lóxica a materia “Arte: Arte Clásica” que na actualidade está en 1º curso – 2º cuatrimestre. Debería cursarse con posterioridade a materia de “Arte: Linguaxes e Técnicas Artísticas” que na actualidade está en 2º curso – 1º cuatrimestre. Para solucionar esta cuestión a materia de “Arte: Arte Clásica” pasaría a 2º curso – 2º cuatrimestre.

As materias de “Empresa: contabilidade de organizacións turísticas I” e “Empresa: dirección e xestión de entidades turísticas I” impártense no 1º curso – 1º cuatrimestre. E teñen continuación coas de materias no 2º curso – 2º cuatrimestre de “Empresa: contabilidade de organizacións turísticas II” e “Empresa: dirección e xestión de entidades turísticas II”. Neste caso o espazo temporal desde que se imparte a primeira parte ata que se imparte a segunda era demasiado amplo.

Para conseguir esa continuidade temporal a proposta é pasar a 1º curso – 2º cuatrimestre as materias de “Empresa: dirección e xestión de entidades turísticas II” e “Empresa: contabilidade de organizacións turísticas II”.

A materia de “Historia: Metodoloxía da Historia” que actualmente se imparte en 1º curso – 2º cuatrimestre, pasaría a 2º curso – 2º cuatrimestre.

Tratouse deste tema co Director de Área de Grao que nos indicou que para realizar estas modificacións no plan de estudos é necesario un compromiso asinado por cada uno dos alumnos afectados de xeito que todos en bloque pidan o cambio.

Despois de ser aprobados en Xunta de Facultade este documento debe someterse a aprobación na Xunta de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.

Apróbanse os cambios por asentimento, condicionados a entrega do documento asinado por todo o alumnado matriculado actualmente no PCEO.

## 11.- Rolda de intervencións

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.30 h do día 14 de febreiro de 2019, da que eu como secretaria, dou fe co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba